



ACTA DE APROBACIÓN DAS BASES DOS PROCEDEMENTOS DE TRASLADOS INTERNOS, DENTRO DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO CORRESPONDENTE ÁS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO, SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS

Pola Administración

Francisco Javier Pena Corredoira
Subdirector xeral de Relacións Laborais, Réxime Xurídico, Recursos e Reclamacións
Mercedes Castro Seijas
Subdirectora xeral de Planificación, Selección e Desenvolvemento Profesional
Angel Facio Villanueva
Subdirector xeral de Planificación e Ordenación Asistencial
María Ponte García
Xefa de Servizo de Relacións Laborais
M^a Jesús Rúa Moure
Xefa de Servizo de Planificación
Alberto Suárez López
Xefe de Servizo de Réxime Xurídico
Javier García Caeiro
Xefe de sección de Relacións Laborais

Polas Organizacións Sindicais

Ana Rodríguez Veloso (SAE)
Pilar López Mera (SAE)
Mercedes Rosende Queijo (CC.OO)
Dolores González Lorenzo (CC.OO)
Santiago Rivas Fraga (SATSE)
Mercedes Borque Beltrán (SATSE)
Juan E. Rodríguez Vázquez (CSIF)
Carlos Botana Albá (CSIF)
Carlos J. Cancela Rodríguez (CSIF)
Manuel González Moreira (CIG)
Xoana Zamudio Cutrín (CIG)
M^a Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Xan Ramón Fernández Cid (CIG)
Javier Martínez Fente (UGT)
Rosa Vilas Vidal (UGT)
Elena Carracedo Durán (UGT)

Na sede da Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela, o 23 de decembro de 2009, previa convocatoria a todos os membros de Mesa Sectorial co seguinte punto na orde do día:

Criterios reitores das bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde.

As partes asinantes acordan:

Aprobar as bases dos procedementos de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos.

Santiago de Compostela, a 23 de decembro de 2009.

Pola administración:

Polas organizacións sindicais:

CIG



CSI-CSIF

CC.OO



CEMSATSE



USAE



UXT





ACTA DE RATIFICACIÓN DE PROCEDEMENTOS DE TRASLADOS INTERNOS XA RESOLTOS NAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

Pola Administración

Francisco Javier Pena Corredoira
Subdirector xeral de Relacións Laborais, Réxime Xurídico, Recursos e Reclamacións
Mercedes Castro Seijas
Subdirectora xeral de Planificación, Selección e Desenvolvemento Profesional
Angel Facio Villanueva
Subdirector xeral de Planificación e Ordenación Asistencial
María Ponte García
Xefa de Servizo de Relacións Laborais
M^a Jesús Rúa Moure
Xefa de Servizo de Planificación
Alberto Suárez López
Xefe de Servizo de Réxime Xurídico
Javier García Caeiro
Xefe de sección de Relacións Laborais

Polas Organizacións Sindicais

Ana Rodríguez Veloso (SAE)
Pilar López Mera (SAE)
Mercedes Rosende Queijo (CC.OO)
Dolores González Lorenzo (CC.OO)
Santiago Rivas Fraga (SATSE)
Mercedes Borque Beltrán (SATSE)
Juan E. Rodríguez Vázquez (CSIF)
Carlos Botana Albá (CSIF)
Carlos J. Cancela Rodríguez (CSIF)
Manuel González Moreira (CIG)
Xoana Zamudio Cutrin (CIG)
M^a Xosé Abuiñ Álvarez (CIG)
Xan Ramón Fernández Cid (CIG)
Javier Martínez Fente (UGT)
Rosa Vilas Vidal (UGT)
Elena Carracedo Durán (UGT)

Na sede da Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela, o 23 de decembro de 2009, previa convocatoria a todos os membros de Mesa Sectorial co seguinte punto na orde do día:

Criterios reitores das bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde.

As partes asinantes acordan:

Ratificar os procedementos de traslados internos que se teñan resolto na vía administrativa con anterioridade á entrada en vigor das presentes bases.

Santiago de Compostela, a 23 de

decembro de 2009.

Pola administración:—

Polas organizacións sindicais:

CIG

CSI-CSIF

CC.OO

CEMSATSE

USAE

UXT

CRITERIOS REITORES DAS BASES DA MOBILIDADE VOLUNTARIA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO, CORRESPONDENTE ÁS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO E DE FORMACIÓN PROFESIONAL, E DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.



1º.- Ámbito de aplicación.

Poderá acceder aos sistemas de mobilidade regulados consonte as presentes bases, nos termos e condicións previstos nelas, o persoal estatutario fixo do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspondente ás categorías de persoal sanitario (diplomado e de formación profesional) e de xestión e servizos (persoal de formación profesional ou de titulación equivalente ou inferior) para a adxudicación dos destinos solicitados voluntariamente nas prazas básicas de cada centro polo persoal fixo que teña acadado o seu destino (coa praza en propiedade) no hospital ou complexo hospitalario correspondente.

Quedan excluídos dos procedementos de mobilidade previstos nestas bases os postos de carácter directivo, así como os postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servicio Galego de Saúde, cuxa provisión é obxecto da regulación específica establecida no Decreto 206/2005, do 22 de xullo e, na súa execución, na Orde do 24 de maio de 2006.

2º.- Requisitos e condicións de participación.

1. Serán requisitos para participar nos procedementos de mobilidade interna das institucións sanitarias do Servicio Galego de Saúde, os seguintes:

- a) Ter acadado a condición de persoal fixo con destino definitivo no respectivo centro ou complexo hospitalario na correspondente categoría, cando menos, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de mobilidade.

- b) Estar en situación de activo ou asimilada na correspondente categoría, de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco, de xeito que, de conformidade coas normas que regulen a dita situación administrativa, a persoa interesada goce de reserva de praza no centro correspondente.
- c) Quen obtivese o seu posto de traballo actual no anterior proceso de traslados internos, non poderá participar nun novo procedemento de mobilidade interna se non transcorreu, como mínimo, un ano desde a resolución de aquel.

2. Non poderán participar nos procedementos de mobilidade interna:

- a) O persoal que ocupe unha praza ou posto de traballo no centro en comisión de servizos, procedente doutra institución.
- b) O persoal do propio centro que se encontre en comisión de servizos de carácter voluntario noutra institución.
- c) O persoal en situación de reingreso provisional.



3º.- **Convocatoria.**

- 1. A convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área.
- 2. O concurso de mobilidade interna convocarase, cando menos, cunha periodicidade bienal, a través de resolución do órgano individual superior de dirección da institución ou área sanitaria.
- 3. A dita convocatoria publicarase, en todo caso e sen prexuízo do emprego de outros medios de publicidade, nos taboleiros de anuncios do centro e contará co seguinte contido mínimo:
 - a) As bases da convocatoria.
 - b) A relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional.
 - c) O modelo normalizado da solicitude.

d) Aqueloutras cuestións que, sen contradicir as presentes bases ou a normativa vixente, se estimen necesarias.

As convocatorias serán publicadas asemade, cun anuncio indicativo previo no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O concurso de mobilidade interna incluirá, con carácter xeral, todos os postos vacantes para os efectos da mobilidade interna existentes no centro en cada categoría. Malia o anterior, nos casos especificamente xustificadas e logo da negociación na respectiva xunta de persoal ou comisión de centro, poderase excluír de modo temporal a provisión de determinados postos correspondentes a áreas específicas ou que requiran singulares niveis de cualificación; ou ben caberá incluír os ditos postos no proceso de mobilidade (igualmente, tras a súa negociación), valorando como méritos adicionais a experiencia e a formación relacionadas co específico ámbito funcional daqueles.



4º.- Solicitudes.

1. No prazo que determine a convocatoria, non inferior a 20 días hábiles desde a publicación do anuncio indicativo no *DOG*, poderanse presentar, no rexistro do centro, as solicitudes para participar no proceso de mobilidade.

2. A adxudicación dos postos ofertados levarase a cabo segundo a orde de maior a menor puntuación acadada polos aspirantes, de acordo cos seus méritos avaliados consonte o baremo establecido na correspondente convocatoria.

3. Xuntaranse á solicitude os documentos que acrediten os méritos alegados polas persoas aspirantes. Non se terán en conta os méritos non aducidos ou aqueles nos que non se xunte a pertinente documentación acreditativa. A antigüidade nas institucións sanitarias públicas acreditarase mediante a presentación da certificación dos servizos prestados, expedida polos órganos competentes do centro ou institución na/s que se teña/n prestado servizos. Exceptúase da obriga de presentación como mérito o certificado

de servizos desenvolvidos no ámbito do propio centro ou complexo hospitalario, por constaren estes servizos nas aplicacións informáticas do centro.

4. Serán excluídas as persoas aspirantes que non cubran todos os apartados da instancia ou o fagan de xeito erróneo ou ambiguo, podendo dar lugar a diversas interpretacións.

5º.- **Comisión de traslados internos.**

1. Constituirase unha Comisión de Traslados Internos, de carácter paritario, en cada institución sanitaria, na que estarán representadas as organizacións sindicais que formen parte da respectiva comisión de centro.



2. A dita comisión terá entre as súas funcións:

- a) A interpretación dos termos de cada convocatoria de mobilidade e a decisión acerca dos supostos sobre a materia que se puideran producir e que non estivesen especificamente contemplados naquela ou nas presentes bases.
- b) A avaliación das instancias presentadas e a elaboración das propostas da resolución do proceso.
- c) Calquera outra función que se lle asignen na convocatoria de traslados internos.

6º.- **Avaliación das solicitudes e baremo de méritos.**

Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio indicativo da convocatoria.

Nas convocatorias poderase establecer asemade algún tipo de prioridade para o persoal que fose afectado por algún proceso de reestruturación da unidade, que teña motivado a remoción do seu destino obtido por traslados internos. Nos supostos de reclasificación de

persoal, de ser o caso, estarase ao disposto no instrumento xurídico polo que se efectúe aquela.

As solicitudes serán avaliadas de conformidade co baremo estipulado en cada convocatoria, que deberá respectar os seguintes criterios:

I. Experiencia Profesional

A) A antigüidade nas institucións sanitarias públicas será avaliada do seguinte xeito:

1. Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 'x' puntos.
2. Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta: 'x'/2 puntos.

Os servizos prestados en promoción interna temporal puntuaranse para os efectos da mobilidade interna na praza básica ou de orixe. Pola súa vez, no suposto de que o/a profesional acadase a súa praza como persoal propietario nunha categoría na que, con anterioridade, tivese prestado servizos en promoción interna temporal, estes servizos serán puntuados, de acordo co seu carácter temporal, para a mobilidade interna na nova categoría.

B) Permanencia na institución. Os aspirantes poderán acadar unha puntuación adicional polos servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria, na mesma categoría á que se opta, puntuándose unicamente ata un máximo de tempo de cinco anos, a razón de x/4 puntos por mes.





II. Formación Continuada e Docencia

A) Formación continuada.

Puntuarase a asistencia, debidamente xustificada, a:

1. Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.
2. Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.
3. Cursos de formación continua realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

- Por crédito: 'y' puntos (*sendo 'y' un valor a determinar na propia convocatoria*).
- Por hora: 'y'/10 puntos (*Nota: dito doutro xeito, de non figuraren créditos, a equivalencia será: por cada 10 horas, un crédito*).

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren nel.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta (diplomatura ou especialidade, formación profesional, bacharelato superior, graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente; segundo o caso).

Non se valorarán os cursos cunha antigüidade superior aos cinco anos. contados desde a data de formalización da convocatoria de mobilidade interna, agás a formación universitaria posgraduada (cursos de posgrao e master e os cursos oficiais de prevención de riscos - básico, intermedio e superior, de acordo co Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro-) á que non se lle aplicará a dita limitación.

Os cursos de prevención de riscos laborais e de informática valoraranse en todas as categorías.

B) Docencia.

Valorarase a actividade docente consistente na impartición dos tipos de cursos sinalados no apartado II.A), con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos ditos cursos, sempre que estes cumpran os requisitos citados.

A puntuación outorgada resultará dos créditos asignados ao curso e á correspondente participación individual en número de horas, tendo en conta, en todo caso, que a puntuación que se outorgará a quen impartise os ditos cursos será o duplo (2'y' puntos por crédito, ou 2'y'/10 puntos por hora de docencia impartida) da puntuación asignada á formación recibida.

Así mesmo, poderase valorar a docencia para a obtención de títulos oficiais, acreditada a través do correspondente recoñecemento, coa ponderación que se determine.

A puntuación máxima conxunta polas epígrafes de formación continuada e docencia non poderá exceder da correspondente a dous anos de experiencia profesional como persoal fixo, valorada segundo a epígrafe I.A)1 anterior (antigüidade).



III. Coñecementos da lingua galega.

- A) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 3'x' puntos.
- B) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 6'x' puntos (*sendo 'x' o valor determinado no punto I.A)1 deste baremo -antigüidade-*).

Para os efectos da valoración desta epígrafe, os cursos do CELGA 2 equipáranse ao curso de iniciación e os cursos do CELGA 4 equipáranse ao de perfeccionamento actuais, respectivamente, de conformidade co disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA).

A acreditación do curso de perfeccionamento de lingua galega excluírá a valoración do curso de iniciación. En idéntica correspondencia, a presentación dos cursos do CELGA 4 excluírá a puntuación dos cursos do CELGA 2.

Criterios de desempate.



Naqueles casos nos que se produza empate na puntuación total entre varias persoas aspirantes a unha mesma praza ou posto, deberase proceder do seguinte xeito:

- a) Outorgaráselle o destino solicitado á persoa que acredite máis puntuación no concepto de servizos prestados na propia institución sanitaria.
- b) No caso de persistir o empate, outorgaráselle o posto solicitado ao/a interesado/a que acredite máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na mesma categoría.
- c) De continuar persistindo o empate, este resolverase atendendo á data da toma de posesión da praza en propiedade na categoría profesional á que se opta.
- d) Se, con todo, persiste o empate, outorgaráselle preferencia ao profesional de maior idade.



7º.- Desenvolvemento e resolución do proceso de mobilidade.

1. Logo da avaliación das instancias pola comisión de traslados internos, quen adoptará as decisións pertinentes en relación coas posibles incidencias que poidan xurdir no ámbito das súas competencias, este órgano formulará unha proposta de resolución provisional ao órgano convocante, que incluírá as listaxes das persoas aspirantes admitidas á convocatoria segundo a súa orde de prelación, así como as persoas excluídas indicando, neste caso, a causa da súa exclusión. No entanto e sempre con carácter previo á proposta de resolución provisional, a comisión de traslados internos outorgará un prazo de cinco días hábiles para que as persoas interesadas emenden os erros detectados nas súas solicitudes, de xeito que se poida evitar a súa exclusión por este motivo.

2. Recibida a proposta da resolución provisional polo órgano convocante, será emitida e publicada a devandita resolución nos taboleiros de anuncios, abríndose un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante o dito órgano.

3. Unha vez rematado o período de reclamacións, a Comisión de Mobilidade pronunciarase sobre elas e, en consecuencia, propondrá a resolución definitiva que será ditada e publicada polo órgano convocante. Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderase implícita na publicación da resolución definitiva.

4. Logo do anterior, os aspirantes serán chamados por rigorosa orde de puntuación en cada categoría, para poder escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción. Unha vez efectuado este, os postos adxudicados serán irrenunciabes.

5. Rematada a fase de elección de destinos, o órgano individual superior de dirección da institución ou área publicará nos taboleiros de anuncios a resolución pola que se declare rematado o proceso de mobilidade interna, facendo públicos os destinos adxudicados.

Contra a citada resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

8º.- Incorporación aos postos adxudicados.

Co fin de evitar posibles trastornos nos distintos servizos do centro, a incorporación dos adxudicatarios aos seus destinos será realizada pola Dirección correspondente de xeito progresivo no tempo e nun prazo non superior aos seis meses desde a data da resolución definitiva. No entanto, a este persoal computaráselle para os efectos de antigüidade no servizo desde o día seguinte ao da data de publicación da resolución definitiva.

9º.- Perda do posto adxudicado no proceso de mobilidade interna.

A praza ou posto adxudicado no concurso interno de traslados perderase polas seguintes causas:

- a) Por obter destino noutra unidade da institución sanitaria.
- b) Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na entidade mentres se permanece na nova situación.
- c) Por ser destinado en comisión de servizos fóra do centro onde obtivo o posto adxudicado, durante un período superior a seis meses.
- d) Por reestruturación de postos na unidade.
- e) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez transcorridos un máximo de tres meses desde a súa incorporación material e efectiva á unidade e logo do informe emitido polo responsable da área correspondente. Neste suposto, logo de ser oída a persoa interesada e tras a pertinente reunión da comisión de traslados internos, procederá a revogar a súa adxudicación.
- f) Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria.



10^o.- **Reserva do posto.**

Reservarase a praza ou posto adxudicado no proceso de mobilidade interna, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente a tal reserva de posto (entre outros, nos supostos de permisos sen soldo, situación especial en activo ou promoción interna temporal, ou de servizos especiais).



11^o.- **Mobilidade por razón de saúde.**

Todo aquel persoal que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, veña desenvolvendo as súas funcións, por motivos de saúde, nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de mobilidade interna solicitando a correspondente praza ou posto de traballo que vén desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde do 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

Á persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da correspondente UPR, adxudicaráselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consonte o procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razóns de protección de saúde regulado na Orde do 16 de setembro de 2008.

Disposición adicional única.- **Procesos de mobilidade interna na área sanitaria de Ferrol.**

Os procedementos de mobilidade interna da área sanitaria de Ferrol axustaranse aos presentes criterios reitores, sen prexuízo das peculiaridades do sistema organizativo derivado da configuración da dita área.

Disposición transitoria única.- **Procesos de mobilidade interna en tramitación.**

Os procedementos de mobilidade interna arestora en execución axustaranse ao disposto nas presentes bases.

